



Vermú entre Libros na Librería Paz

© Librería Paz

Pontevedra

O ciclo Vermú entre libros da librería Paz, recoñecido na Gala do Libro Galego

Por Redacción

ás 10:49 do Domingo 21 de Maio, 2017

O ciclo Vermú entre libros que desenvolve a Librería Paz de Pontevedra acaba de ser recoñecido como **iniciativa cultural ou de fomento da lectura máis destacada do ano en Galicia**. O establecemento pontevedrés resultou gañador na II Gala do Libro Galego celebrada este sábado no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

Segundo deu a coñecer a Asociación Galega de Editoras, no caso concreto deste Vermú entre libros valórase que é unha **iniciativa "con moito esforzo e reducido orzamento"** e que Paz "aposta por un modelo empresarial moi axeitado para dinamizar o mundo da librería".

A Gala do Libro Galego **recoñeceu a excelencia do traballo literario realizado no ámbito editorial ao longo do ano 2016 en Galicia**. Trátase de distincións sen dotación económica determinadas por un xurado externo sobre unha listaxe de obras finalistas conformada polas bases asociativas da Asociación de Escritores e Escritoras



Vermú entre Libros na Librería Paz

© Librería Paz



Vermú entre Libros na Librería Paz

© Librería Paz

en Lingua Galega (AELG), da Asociación Galega de Editoras e da Federación de Librarías de Galicia, entidades convocantes da Gala do Libro Galego 2017.

Ademais de Paz, outros premios tiveron nome pontevedrés. Na categoría de libro ilustrado gañou o **artista Óscar Villán polas ilustracións do libro-disco *Canta connosco*, de Migallas Teatro e editado por Kalandraka**. O xurado elixiu esta obra "pola súa fluidez e narrativa do ilustrador" e destacou que a súa plástica orixinal "escapa da redundancia co texto, achegando un significado propio co seu deseño".

En narrativa o premio foi tamén para un pontevedrés, **o escritor Xosé Monteagudo pola novela *Todo canto fomos* da Editorial Galaxia**. Destacou o xurado a súa calidade e que se trata dun libro "moi ambicioso que acada o seu obxectivo: reflectir a realidade dunha época". Na opinión dos especialistas, "é unha grande novela con pouco recoñecemento".



Gañadores da Gala do Libro Galego 2017
© Alba Sotelo / FIC